

**Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS****SUMARIO:**

Anuncio do 11 de decembro de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións definitivas e a relación *de excluídos* do baremo aberto pola Resolución do 13 de outubro de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades ou substitucións para impartir docencia de relixión no nivel de educación secundaria obrigatoria e bacharelato nos centros docentes públicos que dependen da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

**TEXTO:**

Publicada a lista provisional e resoltas as reclamacións, procede publicar o baremo definitivo e a relación definitiva de excluídos no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos departamentos territoriais e na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

**RESOLVE:**

Primeiro.-Facer públicas na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais e na páxina web desta consellería (<http://www.edu.xunta.es> profesorado/interinos-substitutos) as puntuacións definitivas e a relación de excluídos definitivamente do baremo para prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia de relixión no nivel de educación secundaria obrigatoria e bacharelato nos centros docentes públicos que dependen da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Segundo.-Elevar a definitiva a lista provisional de excluídos, publicada no anexo do anuncio de 10 de novembro de 2009 (DOG do 24) coa excepción de Almarza Cano, José M<sup>a</sup>, DNI 05657275-B, que pasa a formar parte do baremo definitivo.

Terceiro.-Contra estas puntuacións definitivas poderá interpoñerse recurso dealzada no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez

Director xeral de Centros e Recursos Humanos